



ASOCIACIÓN CULTURAL NAUFRAXIOS GALEGOS

NOTA DE PRENSA 05/07/2023

Camelle e Arou conmemoran o naufraxio do City of Agra cun representante da Embaixada da India en España como participante de honra

- *As conmemoracións do 126 aniversario do naufraxio do buque británico City of Agra terán lugar nas localidades de Camelle e Arou (Costa da Morte) do 7 ao 9 de xullo de 2023.*
- *O programa cultural da fin de semana inclúe, por cuarto ano consecutivo, a recreación no porto de Camelle da arribada dos náufragos tras ser rescatados polos mariñeiros da zona.*
- *Visitará as conmemoracións o Sr. K. Aman Chandran, segundo secretario de Prensa, Información e Cultura da Embaixada da India en España para coñecer de preto a historia deste naufraxio e a sorte dos tripulantes indios que viaxaban a bordo.*

A Asociación Cultural Naufraxios Galegos lembra un ano máis o naufraxio do buque británico City of Agra cunha programación cultural que ofrecerá aos asistentes numerosas actividades os días **7, 8 e 9 de xullo** nas localidades de **Camelle e Arou**, no corazón da Costa da Morte.

Un roteiro animado que levará aos participantes desde o lugar do fatídico accidente fronte ás praias de Arou ata a igrexa parroquial de Camelle **onde se conserva a campá do buque**, un mercado mariñeiro, ioga na praia, un partido de fútbol histórico, teatro, sardiñada, concurso de tapas e decoración de fachadas, concertos de música, bailes tradicionais e visitas guiadas á exposición **“City of Agra. 126 anos na memoria”**, son algunhas das propostas deste evento que celebra xa a súa cuarta edición.

Como en anos anteriores, a **recreación da arribada a porto dos náufragos** que foron rescatados polos mariñeiros de Camelle e Arou, será un dos momentos máis simbólicos e emotivos da fin de semana. Terá lugar a partir das **22h45 do sábado 8 de xullo**.

O buque británico **City of Agra** naufragou na madrugada do **3 de febreiro de 1897** fronte á localidade de Arou, tras partir de Glasgow con destino á cidade india de Calcuta. No momento do accidente, atopábanse a bordo **75 persoas**, entre o capitán, a tripulación, pasaxeiros e ata dous polisóns.

33 homes morreron no naufraxio, a maioría mariñeiros de **orixe india** que garantían os servizos a bordo do City of Agra. Os sobreviventes, un total de 42 entre británicos e indios, foron acollidos polos veciños de Camelle e Arou ata a súa repatriación desde A Coruña varios días despois do naufraxio.

As conmemoracións contarán, **por primeira vez**, coa asistencia dun **representante da Embaixada da India en España**, o Sr. K. Aman Chandran, segundo secretario de Prensa, Información e Cultura. O Sr. Chandran desprazarase ata Camelle e Arou durante a fin de semana **para coñecer de preto a historia do naufraxio**, a sorte dos seus tripulantes e o lugar da traxedia, ademais de asistir ás actividades programadas.

Esta visita é resultado do enorme esforzo de divulgación e investigación da historia do naufraxio do City of Agra que a Asociación Cultural Naufraxios Galegos leva a cabo **desde o ano 2019** para protexer e conservar así a súa memoria.

Con estas conmemoracións, a AC Naufraxios Galegos **rende homenaxe aos dezaseis mariñeiros de Camelle e Arou** que, arriscando as súas vidas, non dubidaron en saír esa noite ao mar para tentar rescatar ás vítimas con vida. A súa valentía fixo merecedores aos patróns das tres embarcacións que participaron no rescate, dunha **medalla de prata** outorgada polo goberno británico coa seguinte inscrición: "For Gallantry and humanity".

Achegamos a este correo **información máis detallada** sobre o naufraxio do City of Agra así como a programación cultural completa da fin de semana.

Para máis información, quedamos á súa disposición en **naufraxiosgalegos@gmail.com** ou chamando aos teléfonos: **610 984 015** ou **633 96 31 61**.

Reciba un cordial saúdo.

Asociación Cultural Naufraxios Galegos

